

Xuntanza Comisión de Persoal

O venres 22 de decembro tivo lugar a xuntanza da Comisión de Persoal, como continuidade da Mesa Xeral celebrada o día anterior.

1. Proposta da RPT da Axencia Galega de Industrias Forestais.- De entrada, CCOO solicitou a retirada deste punto, xa que a proposta presentada, na nosa opinión, non ten sentido algún, pois non incorpora o persoal do CIS Madeira de Ourense, e a vista do persoal que vai a ter (12 postos), non parece necesaria a súa creación para un traballo que podía realizar perfectamente unha Dirección Xeral. Outro argumento foi que se crean mai postos de dirección que de apoio e para elo recurren a amortización de 25 prazas na Consellería de Medio Rural sen dar explicacións nin oír ás organizacións sindicais sobre a implicación desta destrución de emprego público.

En consecuencia **CCOO VOTOU EN CONTRA**, estudiaremos si hai posibilidades de impugnar esta aberración, que supón despilfarrar mais de 500.000 euros pola vía de amortizar 25 postos, para crear 12 postos innecesarios.

2. Proceso selectivo do grupo V, categoría 001, Camareiro/a-Limpador/a Axudante Cociña do persoal laboral da Xunta.- Modifican a proposta inicial e establecece agora un único exame tipo test. Na fase de concurso restase valoración á formación para incrementala na experiencia. Tendo en conta que os cambios considerámoslos positivos **CCOO VOTOU A FAVOR**.

3. Procesos selectivos de Persoal Funcionario.- Enxeñería de Camiños, Canais e Portos; Enxeñería Agronómica, Escala de Sistemas de Tecnoloxía da Información; Enxeñería Técnica de Obras Públicas, Enxeñería Técnica Agrícola e Subinspección urbanística.

Cuestións comúns para todos os procesos:

O exame de galego para quen non teña o Celga correspondente será tipo test cun tempo para realizalo de 40 minutos.

Os primeiros exercicios terán unha puntuación máxima de 40 puntos, e o tema terá unha valoración máxima de 20 puntos. Tamén se modifica o tempo para o desenvolvemento do tema que pasa a 150 minutos para os corpos do Subgrupo A1 e de 130 minutos para os corpos do Subgrupo A2.

Xuntanza Mesa Xeral EEP

No caso da convocatoria de Informática aclaran que no terceiro exercicio, que é unha proba de inglés, quedarán exentos quen teña un nivel B2 ou superior dentro do Marco Común Europeo de Refencia.

Na convocatoria de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos engaden a praza da OPE 2017, polo que o total de prazas a convocar será de 9.

Igualmente sucede na convocatoria de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas na que convocarán 5 prazas, das cales 2 corresponden á OPE 2017.

Neste punto dende CCOO insistimos que, a convocatoria, especialmente a de promoción interna deben ser polo sistema de concurso-oposición, e que en todas elas as prazas da quenda de promoción interna deben ser do 50%.

Ademáis solicitamos que no tribunal deste procesos selectivos formen parte persoas funcionarias propostas polas organizacións sindicais.

Como estas cuestións, que consideramos básicas non son aceptadas, desde CCOO VOTOU EN CONTRA de toda-las convocatorias.

4.- Rogos e preguntas. Neste punto o DXFP informou:

- Proceso selectivo delineantes: que xa fixeron o segundo exame e que agora o tribunal está a valorar realizar unha consulta á Sala do TSXG para ver a forma de continuar este proceso selectivo.
- Toma de posesión da categoría 003 do grupo V, ordenanza: que teñen previsto publicar neste mes a valoración provisional da fase de concurso e contan que a toma de posesión sexa en febreiro ou marzo.
- Pago desprazamentos ao curso de formación: que se lle informou ao persoal o día dos chamamentos, que tiñan que asistir desde o 24 de novembro ao 4 de decembro a un curso de formación, sen aboamento dos gastos de desprazamento.
- Informe sobre proceso selectivo C2: que tan pronto yo facilitase a asesoría xurídica o remitirían. Recordamoslle si ía ser neste siglo.
- Falta de persoal no Consorcio I+B para cubrir as datas festas de nadal: que ía trasladarlle esta petición ao Xerente para que fixesen as contratacións que fosen necesarias.

Por último a mais de agradecerlle a felicitación das festas, solicitamoslle que fixesen algo concreto para devolvernollos o roubado nestes anos atrás.